

Sen dúbida, a aparición de recentes e importantes estudos –tal é o caso, por exemplo, de *Prisciliano na cultura galega. Un símbolo necesario* (Galaxia, 2010), de Victorio Pérez Priego– acerca da súa vida e obra, volve poñer de actualidade a presenza dunha figura imprescindible na mitoloxía galega e galeguista: falamos de Prisciliano, o mártir de Tréveris.

Un mito necesario


Galiza, terra de Prisciliano

XOSÉ ANTONIO LÓPEZ TEIXEIRA

E é que o movemento priscilianista –nado nun momento no que o cristianismo se estaba a transformar na única relixión do Estado Romano– conforma unha protesta radical perante a mundanización da Igrexa. Prisciliano vén actuar, entón, no medio dunha aberta difusión do ascetismo monástico en Occidente, ben representado por San Martiño de Tours. A diferenza radical, porén, en que os priscilianistas escapaban ao control episcopal: algo intolerable para os bispos que actuaban baixo os ditados do poder.

Máis aínda que a *Crónica* de Sulpicio Severo, os *Tratados* atribuídos ao propio Prisciliano devesen fundamentais para entender a teoloxía deste. Cómpre ter presente que en todo o asunto priscilianista se opoñen dúas concepcións diametralmente opostas de concibir a Igrexa: unha xerárquica, vinculada co Estado Romano, e outra ascética, popular, carismática e frecuentemente con riscos arcaicos. O ascetismo alteraba as normas canónicas establecidas, e iso debeu alporizar á xerarquía. Mais, sobre todo, Prisciliano foi un rebelde, un home crítico cunha Igrexa que consideraba corrupta e maridada co poder político.

Autores como Abilio Barbero consideran que no movemento priscilianista agocha un forte trasfondo económico e social. De certo, constitúe esta última vertente –na defensa da poboación campesiña, libre ou escravada– o factor que mellor define o fenómeno priscilianista. Considera, da súa parte, X. Chao Rego que Prisciliano era un “laico transgresor” fronte ao poder clerical, aínda que acabase sendo bispo na súa vontade de reformar a propia Igrexa: unha iniciativa que levou a Díaz y Díaz a propoñer a súa celebrada tese da orixe priscilianista do episcopado galaico. O movemento reformador resultou perigoso porque a súa aposta social polos máis febles e marxinalizados “exercía atracti-



Catro anos despois da traxedia, un grupo de galegos aparecen en Tréveris e piden permiso para exhumar os corpos dos mártires. En certo modo, conclúe aí a historia de Prisciliano e comeza a do priscilianismo. Conforme a *Crónica* de Sulpicio, os corpos dos executados foron trasladados a súa terra natal. Os bispos de Galiza, unidos no culto aos mártires, crean unha comunidade que se prolonga durante dous séculos, introducindo o cisma nas igrexas de Hispania. No ano 388, o emperador Teodosio depón o usurpador Máximo e or-

dena revisar o xuízo de Tréveris a favor de Prisciliano e os seus. Os dous principais acusadores, Hidacio de Mérida e Itacio, son expulsados das súas sés e excomulgados.

Cando os pobos xermánicos invaden Hispania, a comezos do século V, a Gallaecia fica baixo o dominio dos suevos. Semella nítido que o éxito do priscilianismo estivo unido á irrupción sueva, que veu na herexía un elemento de diferenciación co resto da Pe-

nínsula. Aínda no século VI, e malia as continuas e contrarias conversións dos suevos, o prestixio de Prisciliano continua vixente, como se desprende do Concilio de Braga do 561, onde se reiteran

as condenas á seita.

Con todo, a comunidade cismática e o resto da igrexa hispánica acabaron integradas arredor do 600. E xustamente nesta mesma xeira, un opúsculo intitulado *Breviarium Apostolorum*, que se basea en escritos apócrifos dos

apóstolos, fai alusión por vez primeira á predicación de Santiago entre nós. O comezo da “Reconquista” establece de novo unha separación política entre o reino de Galiza e o resto da Península, nas mans musulmáns. Agora é cando a noticia da chegada de Santiago se espalla

pola nova comunidade e se inclúe no comentario do Beato de Liébana á Apocalipse. Os cristiáns independentes precisan ter un patrón en quen apoiarse, e esta necesidade está na orixe da revelación que identifica Compostela co Apóstolo.

vo sobre os desprotexidos socialmente”, e iso fixo medrar a xenreira dos que temían pola base social das súas cadeiras.

Un grave erro de Prisciliano –convencido da súa inocencia– foi acreditar no poder civil lmos asistir daquela, á primeira vez que un asunto estritamente eclesiástico se poñía baixo a xurisdición imperial. O ano 380 marca o comezo da persecución. Nesta data, e a petición de Itacio, convocouse en Zaragoza un concilio co fin de condenar os líderes da nova seita. E se ben fracasan nun primeiro momento –os bispos priscilianistas non acoden ao concilio; foi un xesto moi hábil, pois o papa Dámaso, galego de Guimarães, ordena que ninguén sexa condenado en ausencia– os prelados ortodoxos conseguen do emperador Graciano que Prisciliano, xuntamente cos bispos Instancio e Salviano, sexa desterrado. Daquela Prisciliano e os seus peregrinan a Roma para defender a súa causa perante o propio Dámaso e mais o bispo de Milán, Ambrosio. Desta vez, non teñen éxito. Cando todo xa parecía perdido, o emperador Graciano revoga o seu edicto e os priscilianistas volven á súa patria co perdón imperial.

A reacción dos inimigos non se fixo esperar. No ano 383, as lexións sublevadas de Britania saudan ao novo emperador, Clemente Máximo, quen, como primeiro acto de goberno, mandou asasinar a Graciano. A intención de Máximo era poder gobernar o Imperio de Occidente desde a cidade de Tréveris. Así as cousas, Itacio recorre a Máximo contra Prisciliano. O novo emperador accede co fin de gañar o apoio da Igrexa hispánica, ordenando que os “herexes” fosen xulgados nun novo concilio na cidade de Burdeos, en terra allea e onde tiñan máis inimigos. Prisciliano recorre á xustiza imperial, pero Clemente Máximo non ten piedade. Acusado de maleficio e de practicar a maxia, o *Doutor de Noso*, aquel que proclamaba o xaxún dominical, a virtude da pobreza, a meditación na montaña, a dignidade das mulleres e a necesidade da manumisión dos escravos, foi decapitado en Tréveris.

Priscilianismo e priscilianistas